

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE XANEIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:25 horas do día 16 de xaneiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 13 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)



ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.07.2019

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 09.08.2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO DEZANOVE MIL CENTO VINTE E SEIS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (119.126,92 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 20.674,92 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4, LA: 7,8,10,12,13,14,1a ANUA).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019	12.000,00 €
2020	71.500,00 €
2021	35.626,92 €
TOTAL	119.126,92 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 595,83% e para a terceira anualidade nun 296,89%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- Con data do 24 de setembro de 2019, o Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas de Galicia interpuxo recurso de reposición contra o prego de cláusulas administrativas particulares. Este recurso foi desestimado por acordo da Xunta de Goberno local de data 12 de decembro de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 05:09	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA542-E4CH47-3452A5-FNPGL6-HCH296-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 30 de decembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (326-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CÍES ATLÁNTICO, S.L.	81,40
2	TEPRIL, S.L.	74,20
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	73,38

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, S.L. (B-27.752.526), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, S.L., o día 8 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CÍES ATLÁNTICO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CÍES ATLÁNTICO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de novembro de 2019 e 2 de xaneiro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión da UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 30 de decembro de 2019.*
2. *Adxudicar a CÍES ATLÁNTICO, S.L. (B-27.752.526) o procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441) por un prezo total de 103.588,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.610,43 euros.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 05:09	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA542-E4CH47-3452A5-FNPGL6-HCH296-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación dáse conta da documentación presentada por GASÓLEOS AMIGO, S.L. en contestación ao requirimento notificado o 2 de xaneiro de 2020. Unha vez revisada a citada documentación a Mesa acorda:

1. Conceder un prazo de tres días a GASÓLEOS AMIGO, S.L. para que presente o anexo IX ao prego de cláusulas administrativas particulares (TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS: SUBCONTRATACIÓN SERVIDORES), esixido na cláusula 22.1.4º e artigo 122.2c da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
2. Ao fixar o artigo 122.2c da referida Lei 9/2017 que a obriga da empresa adjudicataria de presentar declaración á que se refire o anexo IX será antes da formalización do contrato, procede formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 05:09	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA542-E4CH47-3452A5-FNPGL6-HCH296-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 5 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para o subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas (PPT) de data 11/10/2019, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 25/11/2019, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” nas instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo

3º.- Aprobar o gasto por importe de 50.820,00 euros (25.410,00 € IVE incluído na anualidade de 2020; 25.410,00 € IVE incluído na anualidade de 2021) para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230 2210 300 “Combustibles e Carburantes”. O valor estimado do contrato estipulouse en 67.200,00 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332) na seguinte orde decrecente:

	Licitador	Redución do prezo
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro contratistas.:

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (“deberá ser distribuidor autorizado para subministro de combustibles, segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrito no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente”).*
Non será necesario que acredite a solvencia técnica ao tela presentado coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 05:09	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA542-E4CH47-3452A5-FNPGL6-HCH296-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



súa proposición, pero si a solvencia económica conforme ao esixido na cláusula 8.5.3º do PCAP ("por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito").

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 2 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 e 14 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 30 de decembro de 2019 polo que se ordena por orde decrecente a oferta presentada en función da maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR), en cumprimento do previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 05:09	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA542-E4CH47-3452A5-FNPGL6-HCH296-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332) por un prezo total de 50.820,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.820,00 euros e un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,56%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 08:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 05:09	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA542-E4CH47-3452A5-FNPGL6-HCH296-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		